



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

FACULTADE DE FILOLOXÍA

GRAO EN GALEGO E PORTUGUÉS: ESTUDOS LINGÜÍSTICOS E LITERARIOS

**ANÁLISE CUALITATIVA DA SITUACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA DO
GALEGO ENTRE O ESTUDANTADO DA UNIVERSIDADE DA
CORUÑA**

Autor: Noé Vázquez García

Director: Xosé Ramón Freixeiro Mato

Ano 2014

Índice:

0. Resumo.....	4
1. Introducción.....	4
1.1 Obxectivos.....	5
1.2 Metodoloxía.....	6
2. Marco normativo en que se insire a política lingüística da UDC.....	7
2.1 Ámbito suprauniversitario.....	7
2.2 Ámbito da UDC.....	8
2.3 Plano de normalización lingüística da UDC.....	10
2.3.1 Obxectivos.....	10
2.3.2 Medidas.....	11
2.3.3 Uso por sectores.....	13
3. Análise das actitudes do estudiantado cara ao galego.....	14
3.1 Preparación e realización dos grupos de debate	14
3.2 Grupo de discusión 1.....	15
3.2.1. Análise social-demográfica.....	15
3.2.2 Desenvolvemento do debate.....	16
3.3 Grupo de discusión 2.....	20
3.3.1 Análise social-demográfica.....	20
3.3.2 Desenvolvemento do debate.....	21
4. Comparación con outros estudos.....	25
4.1. <i>Falar galego: “No veo por qué”. Aproximación cualitativa á situación sociolingüística de Galicia</i>	26
4.2 <i>O galego segundo a mocidade</i>	29
5. Conclusións.....	33

6. Bibliografía.....	36
7. Anexos.....	38
7.1 Transcripción dos grupos de debate.....	38
7.1.1 GD1.....	38
7.1.2 GD2.....	49

0. Resumo

O estudo que presentamos a continuación pretende en todo momento coñecer a situación da lingua galega de xeito cualitativo dentro da Universidade da Coruña, especialmente no relacionado co estudiantado e as súas actitudes e opinións sobre o idioma. Unha vez analizado isto, tamén pretendemos comparar a situación co regulamento e normativa existente sobre a lingua.

Para lograr estes obxectivos, analizamos a situación legal da lingua galega en diferentes niveis e a aplicación que se fai desta normativa dentro da institución. A seguir, fixéronse dous grupos de debate conformados por alumnos e alumnas da UDC. Neles foron tratados diversos temas relacionados co idioma do país de xeito que fosen argumentados e rebatidos por cada un dos debatentes.

A seguir, e despois de tirar conclusións sobre os discursos expostos polos alumnos e alumnas, comparáronse os resultados cos da obra de Iglesias Álvarez *Falar galego: “No veo por qué”* e *O galego segundo a mocidade*, de González González, para comprobarmos se a situación mudou doce anos despois da publicación desta obra.

O corpo do traballo, formado polos debates, xunto coa análise da situación normativa e seguida pola comparación coas obras mencionadas, danos un panorama bastante axeitado para saber cal é a situación da lingua na Universidade da Coruña actualmente.

1. Introducción

Na Galiza existe un conflito lingüístico desde hai séculos, que na actualidade se esta a manifestar de xeito preocupante no proceso de desgaleguización que se sofre día a día, especialmente no caso das cidades e da mocidade. As universidades son institucións importantes para isto, pois están situadas nas grandes cidades galegas e están frecuentadas por mozos e mozas de todo o país.

A oficialidade do galego, xunto co castelán, e a existencia do mencionado conflito lingüístico fai que as tres universidades galegas en xeral e a Universidade da Coruña neste caso particular sexan axentes de normalización dentro das cidades, promovendo a lingua e procurando unha igualdade que teña como obxectivo o normal funcionamento do galego na vida universitaria e, por extensión, no resto dos ámbitos. Como veremos, a situación administrativa e lexislativa do galego é clara tanto a nivel universitario como fóra del, e a continuación tentaremos ver se esta normativa existente é cumprida ou non.

É preciso coñecer a situación da lingua en todos os campos, e non todos están recollidos en normativas ou estatutos. Se, como realmente parece, a universidade é un grande axente de desgaleguización, debemos coñecer a o status do galego dentro da institución, que será onde nos centremos neste traballo, concretamente no alumnado.

1.1 Obxectivos

O obxectivo xeral deste traballo é analizar e coñecer as opinións do alumado da Universidade da Coruña sobre diferentes aspectos relacionados coa lingua galega. O que se pretende é coñecer actitudes deste sector desta institución sobre o uso do galego nela, o modelo normativo actual e outras cuestións que foron xurdindo durante a análise cualitativa.

Tamén, como obxectivo secundario se pretende coñecer a situación normativa deste código en diferentes planos, facendo especial fincapé nos regulamentos propios da UDC. Alén disto, tentaremos ver se a situación actual mudou desde o 2002, ano de publicación de *Falar galego*: “*No veo por qué*”, de Iglesias Álvarez.

Desta forma, tentaremos expoñer unha panorámica xeral sobre as actitudes cara ao galego por parte do estudantado da UDC e os principais preconceitos que aínda poidan ter ao respecto.

1.2 Metodoloxía

Para logarmos os anteriores obxectivos recorreremos a unha serie de métodos que nos axuden a acadar tales fins.

En primeiro lugar, e a modo de marco xeral de carácter introductorio, para a cuestión normativa tomaremos como punto de partida os niveis a que se fai referencia no Plano de Normalización Lingüística do ano 2006: internacional, europeo, estatal e xa a seguir o regulamento da propia universidade en materia de normalización.

A seguir, para coñecermos as actitudes e os discursos sobre a lingua do alumnado, a técnica utilizada foi a análise cualitativa, que foi levada a cabo mediante gravación de pequenos grupos de conversación sobre diferentes cuestións relativas ao idioma. Esta análise cualitativa, consiste na avaliación de contidos obtidos directamente do discurso e da ideoloxía da persoa analizada nunha entrevista, grupo de discusión ou similares. Ana Iglesias, na súa publicación “*Falar galego: no veo por qué*” destaca a escaseza de estudos deste tipo, sendo a análise cuantitativa a máis empregada no que á cuestión lingüística se refire. Esta técnica é considerada pola autora como menos concreta e válida que a análise cualitativa, xa que reduce os estudos a datos, sen afondar en cuestións importantes que só poden ser expresadas mediante diálogos e intervencións de máis duración. Para logarmos o obxectivos de recollermos uns datos que nos acheguen información que sexa válida para tirar conclusións sobre os temas formulados existen diferentes técnicas. A entrevista aberta e o grupo de discusión son as máis destacadas, e escollemos esta segunda por diversos motivos que a seguir expomos.

Os grupos de discusións consisten no debate entre varias persoas sobre uns temas previamente formulados, isto podería impedir a espontaneidade dos/as falantes, mais ao estarmos a falar dun debate, as réplicas e confrontacións que aparecen non poden ser previstas, xa que xorden de cada participante de xeito case involuntario. Alén disto, o feito de

neste caso ser un tema en que os debatentes teñen suficientes coñecementos, acaba por converterse nunha conversa bastante espontánea, o que facilita o intercambio de opinións e a axilidade do debate. Deste modo posibilitase que afloren discursos que noutro tipo de técnicas ficarían ocultos.

Para o último punto do traballo, que consiste nunha comparación con outro estudo similar para tirar conclusións sobre as posíbeis mudanzas sobre este tema, recorreremos á obra *Falar galego: “No veo por qué”*, da autoría de Iglesias Álvarez e publicado no ano 2002, que será o obxecto de comparación.

2. Marco normativo en que se insire a política lingüística da UDC

2.1 Ámbito suprauniversitario

Como di o Plano de Normalización lingüística da Universidade da Coruña “O recoñecemento dos dereitos lingüísticos é hoxe un feito incuestionable por parte da comunidade internacional, algo que se traduce en diferentes regulamentos e recomendacións aprobadas pola maioría dos gobernos” (PNL: 23), este é o caso da *Declaración Universal dos Dereitos Humanos*, aprobada en 1948 polas Nacións Unidas e que establece que ninguén pode ser discriminado por razóns lingüísticas.

Xa a nivel europeo, aínda que non excesivamente axeitada para o noso idioma, en 1992 apróbase a *Carta europea das linguas rexionais ou minoritarias*, que defende a multiculturalidade e a variedade en que se debe basear a identidade de Unión Europea. Destaca o papel importante das universidades á hora de que isto funcione.

No estado español, a constitución aprobada no ano 1978 establece que o español é a lingua oficial do Estado mais recoñece a capacidade das autonomías para recoñeceren como oficiais os seus respectivos idiomas propios, como ben sinala o seu artigo 3.2.

Na Galiza, existen regulamentos específicos para a nosa realidade lingüística: o

Estatuto de Autonomía, a *Lei de normalización lingüística* e o *Plan xeral de normalización da lingua galega*.

Do primeiro deles, debemos destacar especialmente tres puntos básicos en relación á lingua:

- O galego é a lingua propia da Galiza (Art. 5.1)
- A oficialidade será compartida co castelán (Art. 5.2)
- Os poderes públicos deben garantir o uso das dúas linguas e promover o uso do galego en todos os ámbitos (Art. 5.3)

Canto á *Lei de normalización lingüística*, aprobada no ano 1983, e cuxo obxectivo é garantir a plena normalidade do galego en todos os niveis da vida cotiá, coloca o galego como lingua oficial de todos os niveis educativos; tamén, na universidade é oficial xuntamente co castelán. Alén diso, igual que o *Estatuto de Autonomía*, defende a necesaria promoción do idioma propio mediante as medidas que foren necesarias.

Por último, o *Plan xeral de normalización da lingua galega*, realiza un balance sobre a evolución da situación respecto ao ano de aprobación da *Lei de normalización lingüística* e propón unha serie de medidas para melloralas.

2.2 Ámbito da UDC

O punto 5.2 dos Estatutos propios desta institución, aprobados no ano 2004, fai referencia á cuestión lingüística, recollendo que a lingua propia da Universidade da Coruña é o galego. Alén disto, defende a súa promoción e uso en todos os ámbitos da propia universidade.

Tamén aprobado no ano 2004, temos o Regulamento de usos da lingua galega que, ademais de establecer a lingua que se debe usar nos usos internos e externos na institución, asume a responsabilidade do traballo normalizador dentro da universidade para así chegar a

un maior nivel de uso do galego.

Este documento destaca, en primeiro lugar, a alta competencia lingüística en galego da grande maioría do alumnado e persoal, tanto docente como non docente. Este feito débese aproveitar para mudar a mala situación en que se encontra a lingua e que é destacada no seu preámbulo. Isto, xunto coa visión do idioma propio como unha riqueza máis dentro da pluralidade do Estado español, debe ser aproveitado para que co cumprimento deste regulamento a normalidade (inevitabelmente ligada ao aumento do uso) sexa unha realidade.

Canto aos usos internos, a practica totalidade deles serán feitos en galego segundo este regulamento. Isto inclúe documentación, comunicados, rotulación, selos, procedementos contractuais ou mesmo a lingua de uso dos departamentos universitarios. A excepción atopámola en caso dos títulos de estudos propios que teñan influencia fóra da Comunidade autónoma e os títulos de estudos oficiais, que en ambos os casos serán redixidos en versión bilingüe.

No referente aos usos externos, usarase o galego para calquera tipo de comunicación dentro da Galiza, con calquera outra universidade ou institución de carácter público ou privado. Se falarmos de institucións fóra da Comunidade, usarase sempre o galego, nunha versión bilingüe coa lingua oficial da institución receptora, sexa cal for esta.

En relación aos actos públicos, sempre que unha persoa estea en representación da Universidade da Coruña debe utilizar o galego como norma xeral. O mesmo ocorre coas publicacións, cursos, actividades etc, que se foren destinadas para a promoción exterior, poderíanse facer noutra lingua.

Por último, o organismo encargado de canalizar e mediar a posta en funcionamento destas medidas é o Servizo de Normalización Lingüística, que tratará de garantir a normal utilización da lingua, ademais de ofrecer ao persoal e alumnado da institución (especialmente ao de fóra) medios de asesoramento e formación.

2.3 Plano de normalización lingüística da UDC

A elaboración do PNL parte dunha necesidade existente na institución de establecer un contexto en que se mover para actuar a partir del e lograr uns obxectivos respecto á cuestión da normalización. Após o correspondente proceso de discusión apróbase no ano 2007.

2.3.1 Obxectivos

Unha vez dentro da propia normativa do Plano de normalización lingüística, partimos duns obxectivos moi semellantes aos anteriores e aos recollidos nos estatutos e noutro documentos, mais desta vez máis pormenorizados e concretizados. Procurarase unha maior sensibilización á comunidade universitaria, o cumprimento do cumprimento da normativa pertinente sobre a lingua, a garantía dun paulatino aumento da presenza, uso e espazo do galego así como a difusión da realidade lingüística da Galiza fóra dela. Para a realización e cumprimento destas medidas, este plano divide os obxectivos en diferentes estamentos da comunidade universitaria.

De carácter máis xeral, recolle, máis unha vez, a promoción da lingua, incluíndo agora o papel das novas tecnoloxías nesta difusión. Tamén se propón que a situación legislativa sexa coñecida, xunto co coñecemento da problemática lingüística. Por último, inclúense aspectos máis concretos como a potenciación do atendimento ao público en galego.

Canto aos docentes, podemos dividir os obxectivos en dous grupos: os primeiros, de carácter “pedagóxico”, consisten na mellora das competencias lingüísticas así como a defensa da lingua propia como un signo de calidade na docencia; en segundo lugar, máis relacionado co ámbito laboral, promove o uso do galego tanto nas aulas como nos traballos de investigación que foren publicados polo propio persoal docente.

Os estudantes tamén serán un obxectivo, procurando a súa competencia en lingua galega, xunto coa posibilidade de ofrecer cursos de formación a alumnos e alumnas chegados de fóra da Galiza; alén diso, esta normativaponse como obxectivo o aumento do uso da lingua como norma habitual, tanto no proceso de aprendizaxe como en xeral.

A procura do coñecemento da lingua, xunto á súa consolidación como vehículo de comunicación habitual, tamén afectará o persoal de administración e servizos, que se entende como un requisito indispensable para desenvolver correctamente o posto de traballo que ocupa. A isto, engádese un punto moi importante: a corrección lingüística da totalidade da documentación de uso interno e externo da institución.

Por último recóllese brevemente a ligazón da UDC coa sociedade, que deben ser apoiadas para relacionarse co entorno sociocultural e socioeconómico, sendo preciso para isto a divulgación e sensibilización sobre a cuestión da lingua.

2.3.2 Medidas

A seguir, propóñense unha serie de medidas formuladas para realizar os obxectivos que foron propostos no punto anterior. Tamén están divididas nos diferentes estamentos da UDC e agora pasaremos a comentar as máis importantes.

No referente á comunidade universitaria, o compromiso coa lingua debe verse reflectido tanto no seu uso como na existencia da súa utilización. Entre as medidas que se recollen pódense destacar: a creación de diversas campañas que axuden á difusión e á sensibilización sobre os dereitos lingüísticos e a súa defensa; a ampliación da presenza do galego en diversos ámbitos da rede relacionados coa universidade e o coñecemento da situación actual deste (avaliacións docentes, instalación de software en galego, existencia de tradutores en liña...); o aumento do trasbase de culturas galego-portuguesa, tanto en programas de intercambio como en traducións. Incluir a problemática lingüística en enquisas,

internet ou nas funcións do valedor ou valedora universitario/a.

Canto ao persoal docente, novamente as medidas van encamiñadas a dúas realidades, a da formación en galego do profesorado, en que será valorada a súa competencia; apoiarse instrumentalmente o profesorado disposto a empregar a lingua propia nas aulas e o deseño dos planos didácticos para docentes. Canto ao traballo nas aulas, tentarase que exista a presenza dun número mínimo de créditos por titulación que sexan ofertados en galego (un terzo), así como a promoción do uso do idioma de cara ao alumnado, tanto de xeito oral como no emprego de bibliografía.

Os estudantado terá unha oferta de cursos de lingua galega e a divulgación da realidade lingüística actual, co obxectivo de o galego ser visto como símbolo de universalidade. No plano das aulas, facilitarase que a nosa lingua teña un funcionamento normal en diferentes ámbitos, como a presenza na bibliografía, a realización de exames, as intervencións orais ou a realización dos exames.

No referente ao persoal administrativo e de servizos, a súa función é maioritariamente reguladora, encargándose da avaliación das competencias en lingua galega, o uso da lingua no atendimento, formularios, avaliacións etc. Tamén está incluído nas súas competencias o labor de da a coñecer a normativa, así como organizar cursos de galego e incluír nos concursos e oposicións un capítulo avaliativo sobre a competencia no idioma propio. Alén diso, tamén está incluído neste punto a promoción da lingua nas novas tecnoloxías, co obxectivo de que haxa unha presenza importante dela na rede.

Por último, o labor da Universidade da Coruña coa sociedade consistirá na potenciación da investigación sobre o galego, a normalización da lingua e a colaboración con outras institucións para estes fins. O Servizo de Normalización Lingüística será o encargado de liderar estas tarefas ademais do deber de elaborar material en galego como vocabularios ou terminoloxía específica, corrixir material dos docentes ou coordinar o traballo cos SNL das

outras universidades.

2.3.3 Uso por sectores

No PNL da Universidade da Coruña temos unha epígrafe adicada ao uso da lingua nos diferentes sectores pertencentes á institución. Estes datos foron sacados de Álvarez Sousa (coord.) (2005): *Análise sociolingüística da Universidade da Coruña*. (A Coruña, Servizo de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña). Comezando cos usos internos, onde se destaca que aínda que o galego xa está practicamente asentada como lingua de elaboración de documentos de xestión, académicos ou xurídicos, esta presenza non é tan destacada se falamos de comunicacións oficiais (citacións, convocatorias de xuntanzas...), polo que sería preciso mudar esta situación, ademais de alertar da posibilidade de que a porcentaxe de persoal administrativo que elabora os documentos en castelán (no momento da creación do plano era dun 22%) aumente por certas tendencias que se estaban a ver nese momento.

No referente aos usos externos, a lentitude de procesos de normalización e galeguización da universidade fan que a presenza do galego que propoñía o *Regulamento de usos da lingua galega* non se cumpra en moitas ocasións. Alén diso, criticase a falta de presenza e promoción da lingua propia na rede, onde deixando á parte a páxina principal da UDC, os contidos das webs adscritas a esta e as ligazóns presentes non adoitan estar en galego.

Na docencia aparecen xa estudos cuantitativos que concretizan o número e porcentaxe de profesorado que utiliza cada lingua e a frecuencia en que o fai. Desta forma, vemos como nin sequera o 10% deles emprega o galego unicamente ou de xeito maioritario, o que contrasta co 87% que emprega sempre ou case sempre o español. Polo tanto, observamos como o terzo que se propón no PNL está moi lonxe da realidade da altura.

Se analizamos o ámbito da investigación, as porcentaxes son aínda máis desfavorábeis

para a lingua galega, pois vemos como só un 2'3% emprega o galego de xeito habitual e un 9'9% faino alternando co castelán. O español e o inglés son, entón, as grandes beneficiadas, acaparando entre as dúas a grande maioría. Alén disto, destacamos que case un 75% do persoal docente e investigador non publicou absolutamente ningún traballo en lingua galega¹.

3. Análise das actitudes do estudiantado cara o galego:

Nesta epígrafe comezaremos o corpo central do traballo, onde a través dos grupos de debate realizados tentaremos coñecer a opinión do estudiantado sobre certos temas relacionados coa lingua na universidade, así como doutras cuestións relacionadas coa normativa ou os prexuízos existentes sobre o galego e os/as galegofalantes.

3.1 Preparación e realización dos grupos de debate

Na procura do obxectivo proposto organizáronse dous grupos de debate en que foron seleccionados catro alumnos e catro alumnas da Universidade da Coruña de diferentes graos e facultades co propósito de que o perfil dos estudantes fose diferente. Intentouse que houbera un equilibrio tamén no número de homes e mulleres.

As persoas seleccionadas foron catro homes estudantes de Química, Educación Infantil, Enxeñaría de Obras Públicas e Educación Social; por outra banda seleccionáronse outras catro mulleres alumnas en Dereito, Administración e Dirección de Empresas, Socioloxía e Enfermaría. Podemos ver como temos un número equitativo de homes e mulleres e unha presenza bastante importante dos diferentes campos de estudo na UDC.

As preguntas realizadas e as cuestións formuladas a debate foron propostas co obxectivo de coñecer tanto as opinións do alumnado sobre as cuestións que se presentaron

¹Ademais, hai tamén outros artigos e obras que tamén se refiren a este tema dentro da universidade, por exemplo Freixeiro (2009) ou Nogueira (2013), ademais do estudo realizado por Botana Sanjurjo como traballo de fin de grao no ano 2014.

como analizar pensamentos subxacentes ou preconceptos que puidesen existir aínda que non fosen emitidos ou defendidos polos debatentes.

3.2 Grupo de discusión 1

O primeiro grupo de debate, composto por tres mozos, estudantes de Enxeñaría de Obras Públicas, Educación Primaria (ambos de clase media/media-baixa) e Educación Social e unha moza estudante de Administración e Dirección de Empresas (os dous últimos de clase media-alta), foi realizado o día 3 de maio de 2014. Todos teñen unha idade comprendida entre os 20 e os 25 anos e distinguiremos os catro participantes no debate asignando un número a cada un deles:

- Alumno de Enxeñaría de Obras Públicas: F1
- Alumno de Educación Social: F2
- Alumna de Administración e Dirección de Empresas: F3
- Alumno de Educación Primaria: F4

3.2.1. Análise social-demográfica

Os catro participantes neste primeiro grupo de conversación viven na área metropolitana da cidade da Coruña; a principal diferenza é a procedencia dos seus pais, que é bastante diversa: mentres que os pais de F2 e F3 naceron na mesma cidade da Coruña, os pais de F1 proceden do rural lucense e os pais de F4 son emigrantes retornados.

O reparto das linguas é equitativo, F2 e F3 falan castelán de xeito habitual e case único, aínda que F2 asegura falar galego cando alguén se dirixe a el nesta lingua. Porén, os outros dous falan galego de xeito habitual: F1 por causa da educación en galego que recibiu da súa nai e F4 por causas de convicción, pois aínda que foi educado en castelán, afirma falar galego todo o posíbel, e así o fai na práctica totalidade da reunión, con intervencións en

español ocasionais.

3.2.2 Desenvolvemento do debate

A conversa dura aproximadamente media hora e desenvólvese en galego e español; ningún dos catro participantes muda de lingua independentemente do receptor. O moderador apenas participa e a variedade de opinións é importante. É certo que as dúas persoas galegofalantes son as máis conscientes e as máis comprometidas coa situación da lingua, mais isto non impide que haxa certos aspectos que non coinciden con este patrón necesariamente; de feito, nalgúns temas hai bastante concordancia de opinións.

O primeiro tema que se trata é a presenza do galego na UDC segundo os seus estatutos, que (como recolleemos na epígrafe 2.2.1) afirman que o galego é a lingua propia da universidade e que debe ser promovida e defendida pola institución. Os catro participantes coinciden en que esta promoción é cumprida na organización de actividades, palestras ou cursos, mais non así na presenza nas aulas, que consideran que é nula ou mínima:

F2: Hombre yo tengo clases 50% gallego y 50% en castellano.

F3: Yo por ejemplo en mi carrera para nada se cumple. O sea, tengo asignaturas contadas con los dedos de una mano en gallego.

F4: Eu teño realmente unha imparcialidade porque, é dicir, teño moitísimas máis clases en castelán. De dez asignaturas debo ter practicamente sete ou oito que son en castelán e logo dúas que son en galego. Esa non é a realidade na que se debería mover.

(...)

F1: Bueno eu na facultade a presenza é nula. Nunca recibín unha clase en galego nos catros anos que levo na Universidade. Nunca. E entón, a presenza é nula porque non se dan clases e tería que haber máis...non vou dicir máis porque se se dese unha asignatura xa sería máis e eu penso que debería ser como mínimo equitativo.

Cando se lles pregunta pola súa súa opinión persoal só F3 considera unha dificultade o feito de desenvolver as aulas universitarias en galego. Considera que pode ser un problema para os/as alumnos/as que cheguen de fóra da Galiza para estudar. Vemos como aparece un dos primeiros tópicos a respecto da lingua, o respecto aos castelanfalantes, non tendo en conta, por exemplo, o feito de existiren galegofalantes que precisan de mudar de lingua para as súas aulas, e dando por feito que son eles os que deben de se adaptar. Esta opinión será

criticada polos outros tres participantes:

F4: Bueno pois eu penso que a maioría das asignaturas deberíanse dar en galego principalmente porque é o noso idioma propio, no que nos temos que mover e que a día de hoxe está sendo bastante descatalogada aquela persoa que fai os usos todos en galego, que fala en galego habitualmente e diversas cuestións desa índole.

(...)

F2: Yo me siento más seguro hablando en castellano que hablando en gallego. Pero por exemplo yo creo que hay que promoverlo, creo que es nuestra identidad.

(...)

F3: (...) Pero por exemplo hay carreras más específicas que llega gente no sólo de pueblos de Galicia, sino que llega gente de Asturias, de tal y sería no lo más adecuado porque esa gente no lo va a entender pero entiendo tu postura. Por exemplo en mi carrera la mayoría de la gente es de Galicia entonces no habría problema pero hay carreras como por exemplo Arquitectura que viene mucha gente de fuera que ya sería mucho más complicado impartir las asignaturas en gallego.

F2: Si, ahí tienes razón, pero por ejemplo si te vas a estudiar fuera a Inglaterra no dices...

F3: Pero es que yo me tengo que adaptar al inglés

F2: Pero si vives en Galicia tienes que adaptarte al gallego

F3: Pero a ver, vamos a ver, tú llegas a Galicia con dieciocho años y eres imagínate catalán o eres madrileño y ¿por qué tienes que estudiar en gallego? Yo eso no lo veo lógico.

F4: Porque estás en Galicia.

Dentro deste primeiro bloco atopamos máis tópicos e ideas que poden sorprender, moitas veces os falantes non son conscientes do conflito lingüístico existente na Galiza, crendo nunha “convivencia harmónica”. Por exemplo, cando F2 afirma non crer que “exista problema entre español e galego”, aínda que considera preciso promocionar a lingua propia, o que pode parecer unha contradición, como ben lle apunta F4 cando opina que “o problema ou situación en que está unha lingua en xeral cando o primeiro que dicimos dela é que hai que promovela”. Ademais non cren preciso tereen que elixir entre galego e español: “es como ¿que quiero más a papá o a mamá?”, o que denota unha concepción do español como lingua igual de galega que o propio galego.

Outro tema que foi reiterado polos estudantes foi o das competencias lingüísticas en galego. F2 e F3, ambos castelanfalantes, declarábanse inseguros á hora de falaren en galego, botándolle a culpa disto ao ensino básico e medio, onde consideran que a presenza e o ensino do galego non é adecuado, o que impide aos mozos e mozas criados en castelán que accedan ao galego dun xeito sinxelo.

F2: Hombre yo por ejemplo ahí, yo estoy a favor del gallego pero hablo castellano. Pero porque también desde pequeño me da más seguridad. Yo me siento más seguro hablando en castellano que hablando en gallego. (...)

F3: A ver yo también lo entiendo. Me refiero hay que promover el gallego pero por ejemplo yo desde pequeña en mi colegio las asignaturas supuestamente las tenían que dar en gallego, los libros mismamente los dábamos en gallego y los exámenes y después los mismos profesores las clases las impartían en castellano. Yo desde pequeña fue lo que aprendí.

(...)

F2: Pero ya mismamente en Coruña, en los colegios, no se habla en gallego. Se habla en la asignatura de gallego, por lo menos en el mío. Por eso si está ya mal en la universidad es porque de pequeños ya no nos lo impartían.

Pola súa parte, F1 e F4 móstranse sorprendidos pola pouca importancia que ten na cidade da Coruña, que consideran un hábitat desfavorábel para a lingua, xa que os seus habitantes teñen actitudes negativas cara a ela. Di F4: “Si eu quero dicir deso, que eu estuven de prácticas en febreiro nun cole, nun cole da zona da Coruña, en Cambre. Eran uns vinte e dous alumnos e deses vinte e dous, un falaba en galego. Evidentemente se lles falas en galego contestan en galego pero que fale sempre en galego só unha persoa”. A partir de aquí, o tema do contorno social cobra moita importancia, onde todos están de acordo en que é básico para determinar a realidade lingüística de cada un e as actitudes cara ao galego. Aparece unha comparación coa situación catalá, onde consideran que a conciencia que hai respecto á lingua é diferente na sociedade.

F4: Ti vas a Cataluña e tes que falar catalán e as clases danse en catalán. Vas o País Vasco e podes escoller entre euskera ou castelán. Son cousas totalmente distintas porque a sociedade é moi distinta.

F2: Yo estudio Educación Social y había una chica catalana y a ver yo si tengo unos apuntes en gallego hago el examen en gallego y si estudio en castellano pues los hago en castellano, pero decía uno: “ay, y hay que hacerlo en gallego?” Y llevo escuchando eso desde sexto de primaria. A mí me da igual hacerlo en gallego que hacerlo en castellano pero bueno. Y decía la catalana: “Es que a mí eso en Cataluña ni a nadie se le ocurre decir eso porque lo hacemos en catalán porque estamos en Cataluña y es nuestra lengua.”

Canto aos prexuizos que acostumamos ouvir sobre a lingua, podemos dicir que moitos deles, especialmente os máis importantes, apareceron no debate. Porén, non observamos ningún destes preconceptos defendidos ou expresados directamente por ningún dos participantes. Si que apareceron certos aspectos latentes e expresados de forma indirecta, como a identificación dos falantes de galego como nacionalistas, mais que é rexeitada polo resto dos debatentes, que din non ser axeitado o feito de mesturar a lingua coa política, pois as

consideran cousas diferentes.

Máis presente estivo a relación do galego co mundo rural, que é vista por F4 como algo necesariamente a superar; por iso considera básica a súa presenza na universidade, para que sexa visto como un símbolo de progreso e coñecemento. Porén, tamén mostra sorpresa pola castelanización que está a sufrir o rural, onde a xente muda de lingua para ir á escola cando a lingua falada na casa era o galego:

F1: Eu recordo que eu cando ía en primaria todos falábamos castelán, todos. Despois todos na casa falábamos galego pero na clase falábamos castelán. E dábannos as clases en galego e despois falabamos en castelán.

(...)

F4: A min sorpréndeme, por exemplo, porque eu son de Cambre, é dicir, unha zona bastante rural e todo o rollo pero eu flipaba porque por exemplo no bacharelato, quitando á xente que viña de Carral porque alí non había instituto, o resto falabamos todos castelán. Eu penso que nese sentido quedas un pouco sorprendido porque se na túa casa falas galego, por qué falas non o falas aquí, na clase? É dicir, non se sabe, non sabemos, levar ben o galego ás aulas, tanto mestres como a xente en si.

Outro dos prexuízos que foron tratados foi a vixencia ou non da relación da lingua galega co atraso. Os dous castelanfalantes consideraron ese prexuízo superado, mentres que F1 e F4 defenderon que aínda que en menor medida, este seguía presente. Esta vixencia podemos vela na escasa valoración do galego no mercado laboral, onde practicamente non se ten en conta. Para solucionar isto, F4 considera vital a presenza do galego en traballos de investigación, especialmente as do ámbito técnico e científico, para que no futuro as empresas teñan a lingua en conta.

Por último foi tratado o tema da lingua estándar, onde foron plantexadas cuestións como a adecuación dela á realidade ou se é necesario unha maior (ou menor) aproximación ao portugués. A opinión xeral foi a de rexeitar a normativa actual, por considerala pouco fiel á realidade lingüística. Trátase do tópico da “lingua de laboratorio”, que foi defendido por F1, considerando que as normas anteriores a 2003 eran máis axeitadas, pois, insistimos, as actuais consideran que non representan a oralidade galega. Ao mesmo tempo, o achegamento ao portugués consideran que é negativo polo mesmo motivo, ademais de velo como un tema con

connotacións políticas que explicaremos máis adiante.

F1: Está mal feita creo eu. Tamén eu penso que acercala máis ao portugués, facela máis reintegracionista é un erro porque non colle a realidade da lingua, a realidade real, o que se fala. A normativa ten que acunar e agrupar o que realmente se usa, non crear unha lingua que non existe, que nadie fala porque, quen fala como a normativa? Dime un que fale como a normativa. Eso é unha mentira. E non pode ser que unha normativa cree unha lingua e despois teña que ser esa lingua a que se fale. Ten que haber unha normativa que agrupe o que realmente se fala, o que se usa. Mais hai a dificultade que de aquí a vinte km fálase dunha forma distinta. E andas corente e outra forma distinta e andas cen e igual. E, cal é a que se fala ben? Non sei, pero a reintegracionista non.

Como xa dixemos, o tema do reintegracionismo é considerado polos participantes como un tema lingüístico, mais intimamente relacionado coa política. Asumen que é así, mais F1 volve rexeitar, pois considera que as supostas connotacións políticas do galego reintegrado non lle fan ningún favor, pois fai que á xente lle resulte algo negativo. Finalmente comprobamos como o estándar non contenta a ninguén; porén, non dan solucións claras para representar esa realidade que din que non é fiel a normativa actual.

3.3 Grupo de discusión 2

3.3.1 Análise social-demográfica

Este segundo grupo de debate foi realizado o día 6 de maio de 2014 e está conformado por tres mulleres, alumnas de Enfermaría, Socioloxía e Dereito; e un rapaz estudante de Química. Destacaremos, polo discurso mostrado por cada un deles, que todas eran persoas de clase media-baixa, deixando á parte a alumna do Grao en Dereito, que pertencía a unha clase máis acomodada. Os catro teñen unha idade comprendida entre os 20 e os 25 anos. Para distinguirmos as súas intervencións faremos o mesmo que no anterior grupo de debate, e esta será a distribución.

- Alumno de Química: F5
- Alumna de Enfermaría: F6
- Alumna de Socioloxía: F7

- Alumna de Dereito: F8
- Tamén destacaremos as intervencións do moderador cun M

3.3.2 Desenvolvemento do debate

O debate comezou con F6 e F7 falando en galego e os outros dous co castelán como lingua. F7 falou durante toda a conversa en galego, mais F6, a pesar de explicar que o galego era a súa primeira lingua, acabou por mudala ao pouco tempo para o castelán ao ver que era a lingua en que se dirixían a ela F5 e F8. Vemos aquí un primeiro fenómeno moi típico dos galegofalantes, que consideran moitas veces que a mudanza de lingua “por educación” debe ser feita por eles, e non polos castelanfalantes. De feito, isto foi comentado por F7 “E que aí hai outro problema porque se van dúas persoas que falan distinta lingua, por que sempre cambia a que fala galego?”. Canto aos outros dous falantes, empregaron o español durante todo o debate, algo que non resultou destacábel para as conclusións, pois as opinións de ambos respecto á lingua do país foron moi diferentes.

O primeiro tema tratado foi novamente a presenza e importancia do galego na Universidade da Coruña; os catro mostráronse de acordo en que as aulas impartidas en galego eran mínimas ou inexistentes. F5 e F6 consideraron esta escasa presenza como un problema que debería ser solucionado aumentando a porcentaxe de materias en galego. Porén, F8, que durante a totalidade do debate mostrou unha postura moi negativa cara á lingua (chea de prexuízos e xuízos de valor tremendamente negativos), consideraba que a escasa presenza do galego nas súas aulas de Dereito era xa demasiada, pois defendeu que o galego debería estar fóra da docencia, con argumentos como a dificultade que suporía para alumnos e alumnas estranxeiros/as:

F5: Pues yo creo que no porque en tres años que llevo de carrera haciendo aquí haciendo Química en Coruña no he tenido ni una sola clase en gallego.

F8: En Derecho hay un profesor que si que da en gallego y yo no creo que esté bien.

F6: Pois na miña opinión, no grado de Enfermería da Coruña déronme moi poucas clases en galego

a pesar de que é o meu idioma natal.

M: E credes que debería haber máis ou menos presenza?

F6: Moito máis, claro que si.

F8: Mucho menos.

F5: Yo creo que algo si.

F6: Se os Estatutos o recollen ten que ser.

F8: Pues no porque hay gente que viene a estudiar de fuera y no entiende nada como los erasmus.

En case toda a conversa, os outros tres participantes son críticos con F8, mostrándose en raras ocasións de acordo con ela; de feito, F5 defende a natureza de lingua propia do galego e o deber de coñecela e usala, considerando a universidade como un medio útil (algo que resulta paradoxal, xa que non fala galego en ningún momento). Tamén argumenta a necesidade de adaptación dos alumnos/as estranxeiros/as, o que leva a F7 a mencionar os cursos de formación existentes para estas persoas. Aquí sae o tema da utilidade ou inutilidade de saber falar galego: o panorama resulta tremendamente negativo nesta ocasión, xa que, excepto F7, ningún deles considera o galego como unha lingua de utilidade para a nosa formación ou o noso futuro, defendendo que en caso de vivir na Galiza de xeito transitorio, é comprensíbel non consideralo como algo a ter en conta:

F5: Pero el gallego es nuestra lengua también y se supone que debemos luchar por mantenerla también. Y a través de la enseñanza en la universidad a ver si conseguimos vaya hablando.

F8: Pues nada. Que venga uno de Valencia y que no se entere de nada en penal (...) ¿O un erasmus?

F7: De todas maneiras hai planos na universidade de formación para alumnos de fóra. Aos erasmus xa se lles poñen máis facilidades e os alumnos de fóra teñen cursos de galego.

F8: Ah ¡qué bien, qué útil!

F7: Ti cres que non é útil?

F8: No.

F6: Eu penso que si que debería de haber máis clases en galego.

F5: Yo creo que también.

F6: E os que non o saiban pois clases intensivas.

F8: Ah claro, ¡como tenemos tanto tiempo! Estudias una carrera y no vas a estudiar gallego también que nos va a servir mazo cuando salgamos del Bierzo.

F7: Entón, partimos tamén de que non credes que o galego ten utilidade?

F8: No.

F7: Por que?

F8: Pues porque solo nos sirve a nosotros y solo se habla en los pueblos más recónditos, la gente mayor, pero en la ciudad ya no.

(...)

F5: Yo contra la lengua no tengo nada. Ya he dicho que al ser gallego tenemos el deber de hablar gallego porque es parte de nuestra cultura. Que luego lo quieras usar o no es cosa tuya, como hay mucha que no tiene pensado quedarse en Galicia y entonces igual entiendo que hablar gallego no le cunde porque si se va fuera no lo va a poder utilizar, pero hablarlo por lo menos si.

O certo é que o debate sobre a presenza da lingua na UDC prolóngase no tempo e vai discorrendo cara a diversos ámbitos e opinións. Aquí consideran, de xeito contrario ao outro grupo, que fóra das aulas o idioma non se promociona. Para chegar a algunha conclusión ou consenso sobre canto galego debe ser impartido nas aulas, tamén hai diversidade de opinións: F5 e F6 defenden unha presenza dun 20% e un 50% respectivamente, mentres que F8 aposta por dar aos alumnos o dereito a utilizar o galego, mais en ningún caso por parte dos docentes. Por último, F7 propón unha solución alternativa, que é a de organizar os grupos das aulas segundo o idioma, que sería preguntado preferentemente aos/ás matriculados/as. O que novamente é rexeitado por F8, considerando un problema que os/as docentes teñan que coñecer a lingua obrigatoriamente, pois non a considera un elemento de prestixio.

Nun momento sae na conversa o ensino medio. Nesta ocasión aparecen de novo diferentes posturas. Mentres que F5 afirma non ter recibido aulas en galego no ensino medio, F6 e F8 si que o fixeron no seu centro público, tendo opinións moi diferentes respecto a este feito: F6 considérao positivo e F8, califícao de “desastre” e defende o ensino privado ao que asistiu posteriormente, onde todas as aulas se impartían en castelán, cun dato extremadamente sorprendente:

F8: En Maristas estudiábamos en gallego a partir del castellano. Decíamos: pues si en castellano los verbos se conjugan así, pues en gallego son así. Y las clases eran todas en castellano. Allí estábamos todos súper concienciados de que allí no hablaba gallego nadie. Entonces, era todo castellano.

En medio deste primeiro bloco temático sobre a lingua no ensino medio e universitario puidemos comprobar moitas afirmacións que mostraron os prexuízos latentes e non tan latentes dalgúns dos debatentes. Á parte da xa mencionada idea de o galego ser unha lingua completamente inútil, vimos como volve a identificación do galego co mundo rural e a xente maior, cualificado ademais de xeito moi negativo e pexorativo por parte de F8 (destacamos tamén unha nova comparación co caso catalán):

F8: Pues porque solo nos sirve a nosotros y solo se habla en los pueblos más recónditos, la gente

mayor, pero en la ciudad ya no.

(...)

F6: Eu penso que si que se fala aquí. as señoras maiores.

La: Las señoras mayores solo.

F5: Yo creo que el gallego forma parte de nuestra historia, de nuestro pueblo y como tal tenemos el deber de valorarlo.

F6: Pois na miña opinión, eu estiven no hospital e a metade da xente fala galego. E claro, por educación, se che falan galego tes que falar galego. Por educación. E moita xente que vén pincharse pois non sabe o castelán ou non o entende.

F7: En la ciudad no se habla gallego y fuera de las fronteras de Galicia no se habla gallego. Yo si me voy a estudiar a Cataluña pues querría que se me hablase en castellano, no en catalán. Y no querría dar clase en catalán.

F6 defende a existencia de prexuízos sobre a lingua na actualidade, prexuízos que considera errados. Aínda así, vincula en varias ocasións o galego co folclore, algo que considera importante promover para a normalidade da lingua, pois considera moi desprestixiado e ridiculizado.

Mención á parte merece a actitude de F8 en relación a estes prexuízos. Non só defende a súa existencia, senón a súa veracidade. Podemos realizar unha ampla lista de preconceitos sobre a lingua galega ademais da xa mencionada ruralidade e inutilidade. Existen durante o debate numerosas referencias ás “señoras mayores”, ás que considera as únicas falantes; cabe destacar a importancia do xénero feminino empregado neste caso. Ademais, expón como a persoa que traballa na súa casa no servizo doméstico fala con eles en castelán a pesar de ser unha muller galegofalante: “Y cuando voy con Carmen que ella habla gallego pues me habla en castellano. A veces se le escapa algo en gallego, pero yo la entiendo y ya está. No me voy a enfadar.” O motivo que argumenta é que “es nuestra lengua materna”. Á parte deixamos comentarios realizados que resultan tremendamente negativos, mesmo insultantes, para o galego como: “Pues nosotros al llegar a la universidad y ver que hay gente de nuestra edad que habla gallego nos sorprendió muchísimo. A mí y a mis amigas. Nunca lo habíamos visto”; “a mi el gallego me hace muchísima gracia” ou a necesidade de empregar o castelán para “hacer cosas importantes”.

Por último, neste grupo destacaremos as opinións vertidas sobre a lingua estándar, onde tampouco hai unha boa consideración da normativa actual, estando tamén moi mal considerada a norma reintegrada, podemos destacar que L6 opina, igual que se facía no primeiro grupo, que o achegamento ao portugués suporía máis desprestixio do que di que xa existe.

Como vemos, o discurso sobre a lingua non é negativo na maioría dos casos, mais é certo que moitas veces menciónanse as dificultades que suporía para os estudantes de fóra da Galiza unha maior presenza do galego nas aulas. Porén, as actitudes son xeralmente boas e predispostas a unha maior promoción e uso da lingua. Na parte negativa atopamos os prexuízos aínda latentes en moitas ocasións por parte dos participantes, que nos permiten ver como o galego aínda non superou certas etiquetas nin sequera nas novas xeracións.

4. Comparación con outros estudos

Despois de analizar as diferentes posturas expostas polos participantes nos grupos de discusión, pasaremos a comparar as nosas conclusións coas doutros estudos similares que foron levados a cabo na Galiza durante os últimos anos. O obxectivo desta práctica será coñecer o alcance real do meu estudo en comparación con outros máis amplos, ademais de coñecer se a situación mudou respecto a anos anteriores, sempre tendo en conta os diferentes ámbitos analizados en cada caso.

Cómpre dicir que existen máis estudos lingüísticos realizados dentro da Universidade da Coruña, o máis destacado probabelmente sexa o publicado por Antón Álvarez Sousa no ano 2005: *Análise sociolingüística da Universidade da Coruña*. Este estudo, aínda que moi amplo e completo, non se axusta ao perfil que procuramos, pois a análise que realiza sobre o galego na institución é de carácter cuantitativo.

A continuación pasaremos a comentar os estudos de carácter cualitativo, método

utilizado neste estudo.

4.1 Falar galego: “No veo por qué”. Aproximación cualitativa á situación sociolingüística de Galicia.

O estudo cualitativo máis relevante sobre a situación sociolingüística galega é o publicado por Iglesias Álvarez no ano 2002. Nesta obra, do mesmo xeito que fixemos aquí, empregouse a técnica dos grupos de discusión. Estes foron organizados en grupos homoxéneos de persoas co fin de obter unhas conclusións que se puidesen aplicar a unha franxa de poboación en concreto.

Iglesias Álvarez, na primeira parte desta obra trata cuestións máis introdutorias como o marco teórico, cuestións metodolóxicas ou a achega de certos datos numéricos sobre a sociolingüística galega sacados de estudos cuantitativos. Así, por exemplo, ela recolle como, segundo datos do CIS (1999), “podemos comprobar que na actualidade Galicia segue sendo a comunidade bilingüe que presenta unha competencia máis alta nas destrezas orais no que respecta á lingua propia (...) o 90% da poboación de 18 anos ou máis maniféstase capaz de falar o galego” (Iglesias Álvarez, 2002: 65).

A segunda parte comeza dun xeito máis introdutorio, presentando as convencións á hora de transcribir a lingua oral dos participantes nos grupos de debate e o cuestionario previo que lle foi entregado a cada un deles. A seguir, comeza xa co corpo do traballo, onde os grupos son presentados e analizados individualmente. Despois divide os participantes segundo o seu hábitat (urbanitas e ruralitas), onde analiza cuestións como a competencia en galego ou os neofalantes no primeiro grupo e o grao de interiorización do galego ou os prexuízos no segundo.

Por último, antes de chegarmos ás conclusións, establece catro blocos temáticos: imaxe social das variedades lingüísticas, valores e funcións das linguas, a construción

identitaria e o discurso da imposición. Como vemos, a obra é moi ampla e trata unha temática moi diversa, por este motivo este estudo foi o escollido para a comparación, aínda que só nos ocuparemos de certas partes que estean estrictamente relacionadas coa temática que nos ocupa.

Para realizar a comparación entre as nosas conclusións e as da obra de Iglesias Álvarez empregaremos só os grupos de debate compostos por persoas dun perfil similar ao dos tratados anteriormente (“**GD1:** Estudiantes universitarios/hábitat urbano” e “**GD6:** Estudiantes universitarios / hábitat rural”) , así como as epígrafes que analicen tópicos e temática que aparecese tamén nos grupos de discusión estudados neste traballo.

Ao igual que ocorre no primeiro dos grupos de debate da obra de Iglesias Álvarez, no segundo grupo analizado no segundo capítulo do presente estudo, tamén houbo un elemento dinamizador do debate (F8), que desde o inicio mostrou unha opinión negativa e polémica sobre diferentes aspectos da lingua. Isto foi o que motivou ao resto de falantes á hora de rebater e mostrar as súas propias opinións, que eran en moitos casos favorábeis.

Outro dos temas tratados en *Falar galego*: “*no veo por qué*” é a importancia da escola básica e o ensino medio como forma de contacto co galego por parte dos participantes nos debates. Alén diso, “os informantes que carecen de modelos lingüísticos na familia insisten na súa incapacidade para *hablar bien en gallego*” (Iglesias Álvarez, 2002: 88). Destacamos isto, porque estas dúas realidades aparecen intimamente relacionadas no noso estudo. Os/as estudantes castelanfalantes defenden en moitas ocasións a súa baixa competencia en galego e a súa inseguridade ao falalo como escusa para non o faceren; e precisamente culpan á escola e ao ensino medio por non lles proporcionaren esa capacidade.

Tamén se destaca dunha participantes, a mudanza de lingua que realiza cara ao galego cando é a lingua en que se dirixen a ela, utilizándoo sobre todo na casa. Isto pode ter certa similitude con comentarios e actitudes que apareceron nos grupos de debate do noso estudo.

Así, F2 afirma tentar falar galego cando se dirixen a el nesta lingua (aínda que como comentamos anteriormente: “non se sente seguro”); ou F6 na dirección contraria, que a pesar de ter o galego como lingua de uso habitual, muda ao castelán no inicio do debate cando ve que é a lingua en que se dirixen a ela os outros participantes (e mudando ao galego novamente en ocasións concretas cando F7 se dirixía a ela na lingua propia).

Para finalizar a comparación con este primeiro grupo, hai que destacar dúas ideas que se repiten en ambos os estudos como son a necesidade de potenciar e fomentar o galego para conservalo e mantelo, algo en que coinciden todos os participantes, ou que algún deles rexeitan o uso do galego na universidade dando como argumento que a xente de fóra pode non entendelo. No noso caso esta última postura é defendida sobre todo por F8 ou F3.

No grupo GD6 do libro de Iglesias Álvarez, composto por estudantes universitarios de hábitat rural, as maiores coincidencias de actitudes entre estes participantes e os dos grupos de conversa do presente estudo foi outra vez a dificultade que suporía un ensino maioritariamente en galego co argumento da existencia de estudantes estranxeiros. Tamén tratan o tema de Cataluña, que na obra de Iglesias Álvarez aparece como un caso extremo, do mesmo xeito que o defendido por F8 no noso caso. Por outra banda está a temática que preocupa estes habitantes do rural, como a alternancia de código e o papel do goberno e a administración no proceso de normalización. Probabelmente estas diverxencias ocorran por causa de que no estudo que presentamos estamos ante persoas de hábitat semirural periurbano, que polo feito de estar tan preto da cidade xa posúen un alto grao de españolización.

Por último compararemos as actitudes expostas canto á normativa polos debatientes tanto no estudo de Iglesias Álvarez como no noso. O tema máis salientábel é a distinción que se fai en ambos entre o galego normativo e o galego tradicional. No libro de Iglesias Álvarez, os participantes tenderon a identificar o primeiro coa lingua empregada nos medios de

comunicación. Nos nosos grupos de debate, o máis destacado foi o rexeitamento cara a este estándar por calificalo de “lingua de mentira” ou pouco fiel á realidade da lingua, opinión que tamén foi exposta no libro co que estamos a comparar.

Iglesias Álvarez recolle, ademais, que “non lle dan excesiva importancia ó uso de castelanismos (léxicos): así foi como aprenderon a falar e non van cambiar agora” (Iglesias Álvarez, 2002: 224), algo que tamén recollemos no discurso dalgúns dos participantes nos dous grupos de debate. Alén disto, manifestan que a variedade de estándares e a pouca estabilidade normativa mostrada polos docentes (que din empregar diferentes normas dependendo da persoa) non fan outra cousa que retrasar o proceso de normalización; dun xeito similar, lembremos como F1 e F6 defendían que un achegamento ao portugués ou un número alto de mudanzas na norma rematarían por desprestixiar máis a lingua do que xa o está.

4.2 O galego segundo a mocidade

Esta obra foi publicada no ano 2003 pola Real Academia Galega coa subvención da Xunta de Galicia. A súa autoría está compartida entre dez autores: González González (dir.), Rodríguez Neira, Dosil Maceira, Pérez Vilariño, Real Deus, Casares Berg, Fernández Salgado, Loredó Gutiérrez, Pereiro Rozas e Suárez Fernández.

Como o seu título indica, este traballo de investigación tenta crear unha perspectiva sobre as actitudes lingüísticas dos mozos e mozas galegas mediante tres métodos diferentes. En primeiro lugar temos a técnica *matched-guise*, que consistiu en avaliar as actitudes lingüísticas dos participantes permitíndolles escoitar unha gravación de voz e realizando preguntas sobre ela. O procedemento consistía en colocar nunha escala de “moi pouco” a “moito” diferentes cualificativos (atractivo/a, xeneroso/a, seguro/a de si mesmo/a...) ás voces que ían escoitando; cómpre dicir que se seguiu a técnica “da máscara”, en que dúas persoas

(unha por cada sexo) facían catro voces diferentes no medio do resto de gravacións. A conclusión máis importante a que se chegou coa utilización deste método foi que “pódese dicir que existe unha serie de estereotipos sociais moi difundidos neste sector da poboación, nos que interveñen de maneira decisiva o 'acento' e, en menor medida, o 'sexo'” (González González, 2002: 36).

En segundo lugar, realizáronse entrevistas en profundidade aos participantes no estudo; aquí foron feitas cuestións como o traballo e o lecer ou a conciencia metacomunicativa; os datos extraídos destes encontros serviron para tirar conclusións sobre temas lingüísticos como a identidade, a lingua estándar, o acento ou o galego na escola.

Aquí tiráronse diversas conclusións, entre as que podemos destacar que a opinión sobre a identidade galega varía segundo cal sexa a súa lingua habitual ou que o cambio de lingua está mal considerado; mais o cambio para o castelán adoita ser avaliado con maior indulxencia. Alén disto, “os informantes asocian a difusión da norma escrita cun estándar oral que caracterizan negativamente e que perciben imposto. A maioría prima a liberdade individual fronte a adopción dun estándar, o que parece indicar certa prevención fronte á norma” (González González, 2002: 101). Tampouco se percibe que o galego teña rendemento social fóra do grupo de referencia. En relación co noso estudo, estas dúas últimas reflexións coinciden co que vimos no capítulo anterior, xa que o galego tamén era visto ás veces como algo pouco útil e cunha normativa imposta, que non recollía a realidade oral.

Por último temos que destacar a derradeira parte desta obra, en que, do mesmo xeito que no noso estudo, se analizaron actitudes lingüísticas partindo de grupos de debate entre diferentes mozos e mozas galegos. Esta epígrafe comeza falando dos participantes: os motivos da súa escolla e o criterio seguido, o número de grupos de debate e o tamaño destes, seguido do procedemento e os tópicos que se trataron neles. Podemos destacar que o criterio seguido para clasificar os participantes foi o da lingua que empregaba cada un deles, sendo divididos

tamén segundo as súas vilas ou cidades de procedencia, ficando finalmente organizado en castelanfalantes e galegofalantes de Vigo, Ourense, Baiona etc.

Despois de analizarmos os trece grupos de debate organizados, vemos que as respostas estiveron determinadas polas variábeis que xa se usaran para a selección dos seus membros: lingua habitual e hábitat. Así, estableceéronse dous polos: un primeiro que respondería a un prototipo urbano ou vilego, monolingue en castelán, pouco competente en galego e procedente de familias castelanfalantes; este grupo entende que as relacións entre as dúas linguas son conflictivas, e que o avance do uso social do galego ameaza o castelán. O segundo polo respondería a un prototipo urbano ou vilego caracterizado pola decisión de mudar de lingua após a adolescencia. Entre estes dous extremos situáronse a grande maioría dos mozos participantes.

A primeira conclusión a que se chegou tivo a ver co motivo polo que a mocidade castelanfalante non fala galego. O primeiro que se destaca nesta obra é o “hábito de empregala lingua castelá en todos os ámbitos relevantes de interacción (o que provoca que se infravaloren as competencias orais en galego e se utilice o discurso do descoñecemento da lingua como escusa para non empregala) e na percepción dun contorno maioritariamente castelanfalante.” (González González, 2002: 178). Ademais vólvese incidir na valoración negativa que ten utilizar o galego en ámbitos relevantes e na existencia de prexuízos como asociar os galegofalantes coa ruralidade, o atraso socioeconómico ou a política. Estes prexuízos tamén estaban presentes nalgúns dos debatentes do noso estudo, que de igual forma, consideraban o galego como unha lingua ligada ao rural, e pouco axeitada para accións importantes (especialmente no caso de F8, que foi a que máis prexuízos e actitudes negativas mostrou). Ademais, estivo presente en ambos os traballos a escusa do pouco coñecemento do galego para non ser empregado.

En segundo lugar, moi relacionado co noso estudo, pois atopamos diversas

coincidencias, como a constatación da escasa percepción da utilidade que ten o galego como lingua para a mocidade. Neste caso, no noso estudo vimos que estas actitudes non eran tan homoxéneas nin consolidadas; no segundo grupo de conversación si que percibimos esta idea, de xeito máis ou menos explícito, mais no primeiro grupo a suposta inutilidade da lingua non apareceu en ningún momento. Tamén no libro de González González hai excepcións, como o caso dos neofalantes ou os falantes do rural, para os que “segue mantendo unha importante función comunicativa e (...) un importante función simbólica” (González González, 2002: 179) respectivamente. O resto de perfís entrevistados ven a lingua propia como algo sen valor no mundo laboral, excepto nas profesións máis marxinais ou desprestixiadas. O grande problema aparece ao compararmos estes datos cos obtidos en estudos de hai unha década, onde a porcentaxe de persoas cunha consideración positiva sobre este tema era moito maior.

A seguir, analízanse diferentes perfís asociados aos galegofalantes, que conclúen en dous grupos: os “paletos” de aldea e os neofalantes, que son etiquetados de nacionalistas ou de falar galego “por moda”. Porén, no segundo capítulo do noso estudo, puidemos ver como os discursos dos participantes no debate (con algunha excepción) foi en xeral máis positivo, recoñecendo a existencia deses prexuízos, mais incidindo na necesidade de seren mudados.

Por último, cómpre destacar que do mesmo xeito que ocorre na análise dos grupos de debate vistos anteriormente, a actitude cara á lingua no estudo de González González por parte da mocidade é moi positiva en aspectos como a súa promoción ou a necesidade da súa normalización. Tamén vemos coincidencias nos aspectos negativos comentados polos neofalantes sobre a mala situación en que se encontra a lingua.

En resumo, vemos que moitos dos aspectos que figuran en *O galego segundo a mocidade* coinciden plenamente co constatado no noso traballo, como pode ser a vinculación do idioma co mundo rural ou a crítica da situación por parte dos neofalantes. Outras non o fan de xeito tan claro, como a (in)utilidade do galego, que si aparece, mais non de maneira

maioritaria.

5. Conclusións

Os grupos de conversación realizados ao estudantado de diferentes campos de estudo das facultades da Universidade da Coruña serviron para tirar diversas conclusión sobre o papel e a presenza da nosa lingua na propia institución.

En primeiro lugar cómpre destacar que a normativa da universidade recollida nos estatutos, no *Regulamento de usos da lingua galega* ou no *Plano de Normalización Lingüística*, polo xeral non se cumpre a nivel de docencia, xa que a práctica totalidade dos alumnos e alumnas entrevistados manifestaron non recibir apenas aulas en lingua galega. No caso da promoción no resto de ámbitos, á parte do educativo, houbo división de opinións, polo que supoñemos que isto depende en moitas ocasións do traballo realizado en cada centro, ademais do grao de participación dos/as alumnos/as nestas actividades.

Xa falando directamente do corpo do traballo, podemos tirar diversas conclusión sobre as actitudes e ideas da mocidade universitaria sobre o idioma propio. O grao de interiorización do galego como lingua propia é bastante importante. Foi alta a porcentaxe de participantes que no seu discurso mostraron actitudes positivas cara ao galego e unha conciencia de lingua propia; no lado negativo, estas boas actitudes rara vez son traducidas nunha mudanza de lingua cara ao galego e si desde o galego cara ao castelán.

Sobre o conflito lingüístico e a necesidade de normalizar a situación do idioma atopamos tamén boas actitudes; vemos como na maioría dos casos se manifesta a necesidade de promoción para chegar a unha situación de igualdade entre linguas. O problema neste tema é a falta de participación neste proceso por parte da mocidade universitaria, que ve a normalización como un proceso alleo en que a súa participación non ten cabida. Isto provoca que as actividades e programacións en lingua galega promocionadas pola institución teñan en moitas ocasións unha participación moi escasa.

En relación aos preconceptos relacionados coa lingua galega e os galegofalantes podemos dicir que a práctica totalidade dos participantes nos grupos de discusión mostraron en maior ou menos medida algún tipo de prexuízo respecto ao idioma. É certo que na maior parte dos casos non foi de xeito explícito, senón de forma latente e integrados no discurso de cada un, mais isto non debe impedir que nos preocupemos por ese xeito de colocar o galego só nalgúns ámbitos ou relacionado só con algúns aspectos (rural, folclore...). Como é lóxico, tamén debemos mostrarnos optimistas de que só aparece un caso que defendía a veracidade dos prexuízos e con actitudes plenamente negativas cara á lingua. A realidade é que o resto dos/as estudantes expuxeron ideas que, se non eran completamente positivas, eran moi susceptíbeis de seren mudadas, é dicir, cunha alta capacidade de actuación dos equipos de normalización.

Respecto ao tema da normativa, podemos tirar dúas conclusións principais: por unha banda está o conflito relacionado coa actual norma, que para algúns é correcta e para outros non. Isto coincide coa realidade da poboación, onde o grao de identificación varía, sen existir un consenso total. Tamén é destacábel o feito de que non existe unha alternativa real manifestada polos alumnos e alumnas entrevistados. Relacionado con isto está a segunda conclusión que tiramos relacionada con este tema: o reintegracionismo non foi defendido por case ninguén, e foi duramente criticado mesmo polos falantes que mostraban actitudes positivas cara á lingua. Argumentouse que sería un xeito de afastar a lingua estándar da realidade oral, ademais de desprestixiar a lingua “máis do que xa está”. Este foi o tema máis complicado de tratar e onde os debatentes mostraron máis dúbidas e máis problemas para opinar dun xeito formado, pois tamén é importante dicir que houbo persoas que non se manifestaron claramente neste tema.

En resumo, a actitude xeral cara ao galego por parte dos participantes foi positiva, así como a vontade da existencia de igualdade entre as linguas. Aínda así, debemos ser cautos con

esta positividade, pois está sempre ligada a prexuízos e en moitas ocasións a unha visión do galego como algo inferior e só válido para certos ámbitos.

6. Bibliografía

Álvarez Sousa, Antón (coord.) (2005): *Análise sociolingüística da Universidade da Coruña* (A Coruña: Servizo de Normalización Lingüística / Servizo de publicacións da UDC).

Armesto Barbeito (2009): “As políticas lingüísticas das universidades galegas na docencia III. A Universidade da Coruña”. Mosquera Carregal, Xesús Manuel e Pino Ramos, Sara (eds.): *Lingua e Docencia Universitaria. V Xornadas sobre Lingua e Usos*: 45-49. (A Coruña: Servizo de Normalización Lingüística / Servizo de Publicacións da UDC).

Botana Sanjurjo, Laura (2014): *A situación actual do galego na Universidade da Coruña. Estudo cuantitativo*. (Traballo de fin de grao).

Callejo Gallego, Javier (2001): *El grupo de discusión: introducción a una práctica de investigación*. (Barcelona: Ariel).

Freixeiro Mato, Xosé Ramón (2009): “As linguas da docencia na Universidade da Coruña e o compromiso coa normalización do galego”. Mosquera Carregal, Xesús Manuel e Pino Ramos, Sara (eds.): *Lingua e Docencia Universitaria. V Xornadas sobre Lingua e Usos*: 77-93 (A Coruña: Servizo de Normalización Lingüística / Servizo de Publicacións da UDC).

González González (dir.) (2003): *O galego segundo a mocidade*. (A Coruña: Seminario de Sociolingüística. Real Academia Galega).

Iglesias Álvarez, Ana (2002): *Falar galego: “No veo por qué”* (Vigo: Edicións Xerais de Galicia).

Nogueira López, Alba (2013): *Investigación e lingua. propostas para a mellora da presenza do galego na actividade científica*(Universidade de Vigo: Comisión Interuniversitaria de Política Lingüística).

PNL = *Plano de normalización lingüística da Universidade da Coruña*, 2007 (A Coruña: Servizo de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña).

Regulamento de usos da lingua galega:

http://www.udc.es/normativa/xeral/regulamento_usos_lingua_galega.html

7.1 Transcripcións dos grupos de debate

7.1.1 GD1

M: Os Estatutos da Universidade din que o galego é a lingua propia da Universidade e que deben promocionala en todos os seus ámbitos para o seu normal funcionamento. Credes que isto se cumpre?

F4: Non!

F2: Hombre yo tengo clases 50% gallego y 50% en castellano.

F3: Yo por ejemplo en mi carrera para nada se cumple. Osea, tengo asignaturas contadas con los dedos de una mano en gallego.

F4: Eu teño realmente unha imparcialidade porque, é dicir, teño moitísimas máis clases en castelán. De dez asignaturas debo ter practicamente sete ou oito que son en castelán e logo dúas que son en galego. Esa non é a realidade na que se debería mover.

M: Vale. E xa non só no tema das aulas senón no tema de promoción en xera para actividades, á hora de calquera documento ou calquera cousa que haxa que entregar que non haxa dificultades para entregalos en galego ou que se promovan actividades en galego fóra das aulas.

F2: Eso si, polo menos los cursos y los carteles que hay por ahí. Yo ahora hice un curso de filosofía para nenos e nenas y estaba en gallego. Osea, todo en gallego.

F3: SI, yo igual. Las charlas que nos dan en la Universidad son todas en gallego. Después al impartir la clase o al dar mismamente los apuntes, nos los dan en castellano.

M: Despois, do tema das aulas, independentemente do que tedes vós no tema das clases. Credes que ten que haber máis ou menos presenza e por qué?

F1: Bueno eu na facultade a presencia é nula. Nunca recibín unha clase en galego nos catros anos que levo na Universidade. Nunca. E entón, a presencia é nula porque non se dan clases tería que haber máis. Non vou dicir máis porque se se dese unha asignatura xa sería máis e eu

penso que debería ser como mínimo equitativo.

F4: Bueno pois eu penso que a maioría das asignaturas deberíanse dar en galego principalmente porque é o noso idioma propio, no que nos temos que mover e que a día de hoxe está sendo bastante descatalogada aquela persoa que fai os usos todos en galego, que fala en galego habitualmente e diversas cuestións desa índole. Hai uns anos o galego relacionábase con persoas do rural, un uso non formal e iso aínda non desapareceu. Esta é unha realidade que está viva a día de hoxe. Por exemplo ti chegas, non sei, por poñermos caso concreto, ti chegas de Carballo, de Vimianzo, dunha aldea, de falar galego cos teus amigos e coa túa familia a unha cidade que fala maioritariamente castelán e notas como xa moita xente xa non te fala en galego e mirante en plan: mira ese que viene de pueblo.

F2: Hombre yo por ejemplo ahí, yo estoy a favor del gallego pero hablo castellano. Pero porque también desde pequeño me da más seguridad. Yo me siento más seguro hablando en castellano que hablando en gallego. Pero por ejemplo yo creo que hay que promoverlo, creo que es nuestra identidad. Pero yo por ejemplo no veo problema entre gallego y castellano. Bueno si que lo hay en algunos con el gallego, pero ¿por qué tiene que haberlo? Es como ¿que quiero más a papá o a mamá?

F3: A ver yo también lo entiendo. Me refiero hay que promover el gallego pero por ejemplo yo desde pequeña en mi colegio las asignaturas supuestamente las tenían que dar en gallego, los libros mismamente los dábamos en gallego y los exámenes y después los mismos profesores las clases las impartían en castellano. Yo desde pequeña fue lo que aprendí. Tienes razón tú, pero por ejemplo hay carreras más específicas que llega gente no sólo de pueblos de Galicia, sino que llega gente de Asturias, de tal y sería no lo más adecuado porque esa gente no lo va a entender pero entiendo tu postura. Por ejemplo en mi carrera la mayoría de la gente es de Galicia entonces no habría problema pero hay carreras como por ejemplo Arquitectura que viene mucha gente de fuera que ya sería mucho más complicado impartir las asignaturas

en gallego.

F4: Eu entendo o que acabades de dicir vós os dous. Mais pensade en que problema ou situación está unha lingua en xeral cando o primeiro que dicimos dela é que hai que promovela. Por que tes que promover unha lingua? Ti non vas dicindo hai que promover o castelano, hai que promover o inglés. Non, esas cousas son cousas que a propia lingua xa fai. Co galego estamos no caso contrario, é dicir, estamos diante dunha lingua que a xente non quere falala pero hai que promovela e que non sei...Non sei se me estou explicando.

F2: Si, ahí tienes razón, pero por ejemplo si te vas a estudiar fuera a Inglaterra no dices...

F3: Pero es que yo me tengo que adaptar al inglés

F2: Pero si vives en Galicia tienes que adaptarte al gallego

F3: Pero a ver, vamos a ver, tú llegas a Galicia con dieciocho años y eres imagínate catalán o eres madrileño y ¿por qué tienes que estudiar en gallego? Yo eso no lo veo lógico.

F1: Porque estás en Galicia. Ti vas a Cataluña e tes que falar catalán e as clases danse en catalán. Vas o País Vasco e podes escoller entre euskera ou castelán. Son cousas totalmente distintas porque a sociedade é moi distinta.

F2: En la Constitución ya pone que en el Estado español no sólo es la lengua oficial el castellano sino que hay otras lenguas.

Ne: Porque o Estado español amosa unha non realidade plurinacional que non está palpada nos mapas.

F2: Pero está na situación ¿no?

F4: Si pero está nas comunidades históricas. É unha cousa para dicir sois especialitos pero polo nome.

F2: Pero otra cosa es que se cumpla.

F4: Hombre si, y yo puedo ser un conde y estar muriéndome de hambre debajo de un puente.

F2: Yo creo que para nosotros es un punto a favor.

F4: Si e xa a nivel práctico polo portugués.

F2: Yo por ejemplo mi carrera...

F4: Que estudas ti?

F2: Yo estudio Educación Social y había una chica catalana y a ver yo si tengo unos apuntes en gallego hago el examen en gallego y si estudio en castellano pues los hago en castellano, pero decía uno: ay, y hay que hacerlo en gallego? Y llevo escuchando eso desde sexto de primaria. A mí me da igual hacerlo en gallego que hacerlo en castellano pero bueno. Y decía la catalana: Es que a mí eso en Cataluña ni a nadie se le ocurre decir eso porque lo hacemos en catalán porque estamos en Cataluña y es nuestra lengua.

F4: Mira eu xa no referente a iso quero dicir unha cousa. Sobre todo agora a nivel universidade que se supón que podes facer ou publicar algo, ti se fas todo en castelán é certo que ten maior difusión e lese por Madrid, por España, por Sudamérica...Ti o que fas o non facelo en galego é en, sobre todo carreiras máis técnicas como son Arquitectura, como son as enxeñerías...ti o que estás é afastando ese perfil técnico, ese perfil lingüístico-técnica moitísimo do galego. Entón unha persoa que diga por exemplo eu quero facer enxeñería informática ou Arquitectura e que non poda desenvolva en galego porque absolutamente todos os materiais, todas as técnicas, todas as asignaturas e todos os profesores lle falen en castelán pois ti o que fas é alonxar calqueira posibilidade de facelo en galego, facer nun futuro unha empresa en galego ou calquera cousa en galego.

F2: Igual estamos en situaciones distintas porque yo creo que en Educación se promueve. La mayoría de profesores, por lo menos los míos, hablan gallego. Yo de verdad que tengo profesores que me obligaron hasta a hablar en gallego.

F4: Si claro y también a nosotros lo contrario.

F2: Hombre claro que si.

F4: Eu tiven un profesor que non estaba afiliado a ningún partido pero que era moi insistente

co do galego e puxo as notas en base á nosa opinión política e eu levei un 5.

F1: Pero iso tamén é influencia de onde vivimos, con quen convivimos e socialmente. Refírome, cando estudias por exemplo unha enxeñería queiras que non, se estudas aquí en Coruña, vai ser xente que vive aquí en Coruña, que se criou aquí en Coruña, que ten a idea social de aquí de Coruña e que non é a mesma que hai en Santiago ou que a que hai en Carballo, que a de Luego...Non sei, a maioría somos da zona da Coruña e críamonos da forma na que se ve a educación na zona da Coruña que é moi distinta da que se ve noutro sitio, sobre todo no tema da lingua.

